

**GAÑADORES DO VI CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS  
INNOVADORAS DA UNIVERSIDADE DA USC  
(EDICIÓN 2005)**

**Título da idea: SISTEMAS INFORMÁTICOS PARA A DETECCIÓN DE FOCOS CONTAMINANTES**

**Promotores:**

Alejandro Lamas Pérez (Licenciado en Química, USC)

Alberto López Amoedo (Enxeñeiro Técnico Forestal, cursando a Superior en Campus de Lugo)

**Descrición da idea**

A idea consiste no desenvolvemento, validación e posterior comercialización de sistemas informáticos de modelización medioambiental de baixo custe e uso sinxelo. Mediante a utilización de modelos tridimensionais do terreo e sistemas de información xeográfica poderanse delimitar cuncas vertentes a ríos e zonas xeográficas de características semellantes para deste xeito, e en combinación con outros elementos como bases de datos, modelos matemáticos (dispersión de vertidos en masas de auga, contaminantes atmosféricos...), localizar posibles focos emisores de vertidos en ríos ou de emisións atmosféricas e outros elementos ambientais de interese.

---

**Título da idea: "PROCESAMENTOS TÉRMICOS EN PRODUTOS PORCELÁNICOS"**

**Promotores:**

Segunda Vilanova Fernández (Licenciada en Química, USC)

Rafael Sanroman Duran

Eduardo Cifuentes Ayucar (Enxeñeiro Superior Industrial, Tarrasa)

Luis Angel Quinteiro Soto (Enxeñeiro Técnico en Electricidade, Vigo)

**Descrición da idea**

Este proxecto nace do coñecemento que teñen os seus promotores deste mercado a nivel nacional e de exportación así como da base tecnolóxica que posúen para acadar un produto competitivo e de alta calidade.

Partindo de pezas de porcelana branca, importadas de terceiros países, levarase a cabo un proceso produtivo que consiste no deseño, decoración, personalización e mellora das propiedades das pezas importadas, a través de tratamentos altamente especializados, que cos rendementos e calidades axeitadas, non existen en España e de forma moi escasa nalgunha que outra gran marca europea. Esta tecnoloxía permite conseguir inalterabilidade e intensidade nas cores ademais dunha gran resistencia nos produtos importados.

A competitividade ten a súa base no feito de que o inicio da actividade se produce a partir da fase de deseño e decoración das pezas porcelánicas, eliminando a fase de fabricación da mesma que é a que require de inversións moi elevadas (7.212.000 euros), comparadas coas inversións (500.000 euros) do proxecto que presentamos. Ademais disto, non se ten que facer fronte ás fortes amortizacións derivadas da inversión, ao mantemento de existencias de materias primas e stocks intermedios, á carga permanente das 150 persoas que requiriría unha fábrica integral e tamén a vantaxe de ter o umbral de rentabilidade moi por debaixo dos 3.000.000 de pezas que precisa unha fábrica tradicional.

---

**Título da idea: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DUNHA CARAVANA PARA AUTOCONSUMO ELÉCTRICO E ALIMENTACIÓN DO MOTOR DE ESTACIONAMENTO.**

**Promotores:**

Alberto Amboage Tato ( Enxeniero Técnico Industrial, Universidade de Vigo )

Jorge Couñago Castro ( Diplomado en Relacións Laborais, USC)

**Descrición da idea**

Consiste no acoplamento de placas fotovoltaicas a unha caravana (ou autocaravana) para abastecer o seu consumo eléctrico. No citado consumo tense en conta un motor eléctrico que move a roda dianteira da caravana para facilitar o seu desprazamento á hora de estacionala no cámping ou calquera outro emprazamento.

Esta instalación fotovoltaica ademais de placas fotovoltaicas consta doutros aparatos eléctricos para o seu correcto funcionamento como regulador, acumulador e inversor.

**GRÁFICAS:** Distribución das ideas presentadas segundo as Áreas de Coñecemento e as Facultades

